


NUM. 15

1-1-23

nós.





BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA
LEGA, ÓRGÃO DA SOCIEDADE "NÓS,"

DIREITOR:

Vicente Risco

REDAUTOR XEFE:

Xavier Prado (*Lameiro*)

Ramón Cabanillas,

Alfonso R. Castelao,

Antón Lousada Diégues,

Ramón Otero Pedrayo

Florentino L. Cuevillas,

Leuter González Salgado

XERENTE:

Arturo Noguerol

SUB-XERENTE

Alfonso V. Monxardín,

SEGREDARIO DA REDAUCIÓN:

Xulio Gallego

REDAUTORES:

COLABORADORES:

Teixeira de Pascoaes, Johan V. Viqueira, Philéas Lebesgue, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo L. Abente, Manoel Banet Fontenla, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro, Alexandre de Córdova, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Farruco Lamas, Euxenio Montes, Fernández Mazas, Souza Aguiar, Cunha Barros, Xan Aznar Ponte, F. Bouza Brey, Lois Huici, Ramón Villar Ponte, Handicap, Roberto Blanco Torres, Primitivo R. Sanjurjo, Xosé Viso (*Goal*), Francisca Herrera Garrido, Hernani Cidade, Camilo Díaz, Manoel M. Risco, Francisco Luis Bernárdez, etc.

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Praza do Ferro, 6

ADEMINISTRACIÓN

Padre Feixóo, 12

ABONAMENTO

Doce números, na Península. 6 ptas.

Na Argentina. 6 pesos

En Cuba. 3 dolars

Números atrasados 3 ptas. Número sólo, 1 pta.

Iste boletín non publica mais críticas que os que foran directamente solicitados pol-a Dirección.—Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidas, non sendo dous que por non iren rubrados, enténdese que son da Redacción.

SUMARIO

O pintor Imeldo Corral.

Prosa, por V. TAIBO.

Razas loiras e razas morenas, por JAIME QUINTANILLA.

O teosofo alemán Rudolf Steiner, por VICENTE RISCO.

Do cançoneiro Colucci-Brancuti, por MANOEL FUENTES CANAL.

Literatura céltiga: Nosa Señora dos Outeiros, por W. B. YEATS.

Quod nihil scitur, (continuación), tradución de XAN AZNAR PONTE.

Sección arqueolóxica: Intento de catalogación dos castros galegos.

Archivo Filolóxico e etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Fóra de testo: Estética da Muñeira (separabre), por E. MONTES.

Os caciques (augaforte), por CASTRO GIL.

NOS

MANUEL SEOANE • AXENCIA DE FERROCARRILES
MADEIRAS LABRADAS DE TODAS CLASES Ponte Mayor. - OURENSE
MÉRCANSE APEAS PRA MINAS

SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

Ponte Mayor y - Ourense

XULIO GARCÍA PÉREZ

MÉDECO CIRUXANO

Goberna toda clás de ósos partidos e desgovernados e fai operaceos quirúrxicas

Vota o RAYO X

TELÉFANO 324

SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR

DON MANUEL POL PIÑEIRO

CO'A COPERAÑZA DOS DOUTORES

D. Francisco José Rionegro :: D. Manuel Bouzo Fernández

Iste establecemento está situado na carretera da Lonja, e conta con un completo gabinete de RAYOS X.

Depósito de madeiras de todas clases pra construcción e carpintería en xeneral.

LÓPEZ E RUIZ

Telegramas e Telefónomas

LOPEZ RUIZ

AVENIDA DE BUENOS AIRES, 31

(Ó lado do Asilo de Ancianos Desamparados)

OURENSE

Cedes: A. B. C. 5.ª edición

TELÉFONO 198

Postes e travesas pra caminos de ferro :: Serrería mecanica e fabricación de toda clás de caixeria.

NOS

Casa "PERILLE,"

FERRETERIA :: LOUZA :: CRISTAL
MOEBLES ECONOMELOS E DE LUXO
FRABICACION DE COLCHOS PATENTADOS

Vestede pode montal-a sua casa con sole visitar iste estabrelemento, obtendo o maximum d' economia.

Paz Nóvoa, 9 - OURENSE

GRAN "HOTEL MIÑO," OURENSE

O ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCION CENTRAL
AMPLIAS HABITACIOS :: COARTOS DE BAÑO
PENSION COMPRETA DENDE 12 A 60 PESETAS

Proprietario: GASPAR PEREZ ROBLES

Teléfono 21

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,"
OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDÁS OS REVENDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE
OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.^a edición

* REPERSENTANTE N - A ARXENTINA

JOSÉ MARTÍN
Calle Venezuela, 926
BUENOS AIRES



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO
DA SOCIEDADE "NÓS,"

Ano IV

Ourense 1 de Xaneiro 1923

Nºm. 15

O PINTOR IMELDO CORRAL

Pirmero

Imeldo Corral leva trunfado xa, leva imposta a sua arte ó público de tódal-as vilas de Galiza; leva trunfado fora, na América e mais en Madrid. É un artista que ten a sua sona asentada, que ninguén pode xa discutir com'artista. Imos falar da sua arte.

Do qué mais tempo pode un estar falando, é d'arte. O estudo da obra d'un artista, e, se cadiña, mais ainda d'un pintor, ofrece de cote unha chea de probremas. En Galiza, ond'a paisaxe ten unha importancia, ademais, tan considerable, cand'o pintor é un paisaxista, ofrece ainda mais probremas, e cand'o pintor é impresionista, os probremas xeneraes da pintura e os da paisaxe, e da paisaxe galega en particular, temos qu'engader ainda os que nos pon a crise do impresionismo, que é cousa do noso tempo.

Ora, Imeldo Corral é un pintor paisaxista, galego e impresionista. Non pensamos qu'a filiación do Imeldo no impresionismo poda ter grande dificuldade, mais ainda no que hoxe chaman impresionismo, principalmente os seus nemigos—que cando son cosentes, son os que millor definen—e que é o conceito do impresionismo qu'ha quedado na historia.

A paisaxe

O pintar paisaxe, ainda o lle dar aprecio á paisaxe natural, non é cousa dos antigos tempos, senón cousa moderna. Na pintura, a paisaxe apareceu na final da Edade Media, coma fondo prás figuras (esceas ou retratos). As paisaxes dos primitivos son vistas no vao d'unha

fiesta, de cote moi lonxe de nós, e ademais, son paisaxes de convención, discurridas e compostas, simbólicas ou ornamentaes. Son mais vivas nos primitivos flamengos que non nos italiáns. Antre todos compre isolar e considerar un: Patinir.

No Renacemento, a paisaxe é unha paisaxe convencional d'égloga. A xente quería millor a natureza torturada e contrafeita por Le Nôtre nos seus tristeiros e insulsos xardins, cemiterios da beleza, amostra ben erara do empedernido artificialismo clásico.

Na literatura, os clásicos falan, se cadra, do «ameno prado», ou dos «frondosos arbres», mais achábanse tan lonxe da natureza, que tan xiqueira chaman a unha planta pol-o seu nome. Antre os antigos, houbo un que temos que pór aparte: Virxilio; mais Virxilio era de sangue celta.

O sentido da paisaxe é cousa moderna. Ainda diríamos mais: é cousa romántica. Xa sei qu'hai quien fala de paisaxes clásicos e paisaxes románticos, isto ainda na realidade mesma; non hai tal: a Natureza endexamais pode ser clásica, e si ben se pode concebir qu'un artista poida sentir a paisaxe d'un xeito clásico, o mero feito de sentir, xa é romanticismo.

Hoxe na Galiza, tódolos homes da renacencia galega teñen todos a unha, os ollos voltos car' a paisaxe. Eiqui, en NÓS publicáronse páginas maxistraes en col da paisaxe, d'Antón Vilar Ponte e Ramón Otero Pedrayo. Eiqui ten qu'haber paisaxistas: temos a Llorens; Castelao fai tamén paisaxe; temos ó Imeldo Corral. E terán que vir outros. O Imeldo xa vai criando escola.

O granito e mais a y-auga, na terra; as nubes no ceo, caracterizan a nosa paisaxe, como fai notar Otero Pedrayo, no seu fermoso traballo *En col da aldeia*, publicado n-estas páxinas. Da nosa paisaxe tense escrito xa moi: serie ciánica, matiz, tonalidades medias, os verdes, os azuis, os grises infinitos. É unha paisaxe pra pintala no inverno, coas luces apagadas dos seraos nubosos, e as brétemas nas lonxanías, e as rayolas de sol colando por entr'as nubes esfarrapadas. Pra pintala compren ollos afieitos a ollala dend' o berce; compre moita homildeza e moi amor. Non somentes calidás téinicas, senon tamén calidás moraes. Pirmelro sentila, sentila e amala no mais fondo do corazón, com'un amigo noso que devotamente levaba pra Barcelona unhos cadriños do Imeldo, «pra ter aló unhos anaquíños da Terra».

Porqu'a paisaxe—o que se chama así, en arte—é o aspeuto en beleza d'esta meiga e santa Terra nosa, qu'ademas de s'impõr a nós no noso sangue e na nosa vida, impónsenos ainda estéticamente, pol-a sua beleza, pol-o seu encanto que non ten igual no mundo. Compre amala co-ise amore, ainda minucioso, que fai qu'o Imeldo lle queira ate erguelo á categoría d'obra d'arte ó couce d'un píñeiro cortado. Amor minucioso, de naturalista, porque o xeito d'ollala paisaxe, é o de Collette Willy n-aquela frase:—*Je détaillais la montagne avec un goût étiqueté, menu, de myope et de femme.*

O impresionismo

No noso tempo hai unha tremenda reaición en contra do impresionismo. Temos dedicante tres obras nas que s'amorean os argumentos en contra, mais que da téinica dos impresionistas, do seu xeito d'enxergal-a arte: *Der Expressionismus*, de Paul Fechter; *Die Methode des Expressionismus* de Georg Marzinsky, e *Impressionismus und Expressionismus* de Franz Landsberger. Tal é o estado d'espirto dos novos. Isto, e as loubanzas ó relambido Ingres. Mail-as obras dos grandes mestres do impresionismo seguen collendo prezos fabulosos no mercado.

Algunhas das cousas que se din en contra do impresionismo non deixa de ter certo valor teórico, mais teno pra levar ós artistas ó primitivismo, si acaso, e non pra xustificar unha arte nova que fai *puzzle* coma Picasso; que cría un mundo novo con pezas de máquina, como Fernand Léger; que deformas as cousas pra poñelas mais feias, como Max Pechstein, e menos mal cando s'ispira coma Kupka, nas preparacións microscópicas. Os novos pénzanse precursores, cando non son mais que derradeiros. Moi afoutos

coa sua metafísica trasnoltada andan a realizar a feialdade en arte. Iles botan na cara ó impresionismo a imitanza da realidade, a ebriedade de Natureza, o pór toda a y-alma nos ollos pra catal-a vida d'afora, e querer prendelo istante que pasa: o aneudótico, din iles.

Compre xa reivindical-o impresionismo de tódal-as cousas que ll'apoñen, e donarll' o seu lugar verdadeiro na arte. Non temos incomente en convir qu'o impresionismo sexa paralelo co centifício da época positivista; mais o positivismo morto, non é o idealismo, senón o espiritualismo, o que compre ollar. O idealismo comete o vicio supremo—o vicio, o pecado supremo, o pecado de Luzbel, foi a soberbia, e vel'ehi o que é o idealismo: soberbia—o vicio supremo de escindir radicalmente ó home do mundo, criando unha oposición falsa antre espírito e natureza, da que ven agora infundada a críteca que se fal contra da escola que principia en Monet e chega a Van Gogh. Non diremos tampouco que o impresionismo sexa mais qu'un xeito d'interpretal-a natureza. O de poder píllal-as mais sutís cambeantes da Impresión qu'o ollo recibe d'ela, non será o problema, mais si, de seguro *un dos problemas* da pintura.

D'iste xeito, Monet, d'unha das cousas mais feias que pod'haver no mundo, unha estación do camiño de ferro, poden faguer unha grande obra d'arte. Porqu'o impresionismo pode sacar d'unha mesma cousa un número indefinido d'obras d'arte, digao os doce cadros do mesmo Monet representando duas pedras de maíño abandonadas. Cada cousa da natureza é d'iste xeito pr'o impresionista unha fonte inesgotable; depende da cantidade d'amor qu'o artista poña n-ela.

Por fortuna, a xente eiqui vai ollar as cousas d'Imeldo Corral sen levar dentro dos miolos o prexuízo anti-impressionista e asina, co espírito ceibe, sinxelamente gosta e admira, e o pintor triunfa e impón a sua arte. Il ten esa sensibilidade analíteca, miuda, amorosa pra tódal-as cousas, do verdadeiro impresionista, e pinta coma ve, e pinta coma sinte. Tampouco il ten prexúzios de bizantinismo metafísico.

E fai ben.

O pintor

O Imeldo é da aldeia; os seus pais e os seus parentes son da aldeia, e il está soberbio de ser da aldeia e de vir de xente da aldeia. D'ela ven todo o qu'hay de bó en Galiza. Asina, o Imeldo ten dend' o berce os ollos afieitos a ollal-a paisaxe, de vivir n-ela dende meniño. Estábase crian-do n-il a predisposición a pintal-as cousas

qu' agora pinta; mail-a paisaxe dormentou moi-to tempo na sua y-alma, enantes de que se fixera pintor. Sen dúbida qu'il amaba a Terra Nai, mais co-ise amor que se non deprocata un d'il nos pirmeiros anos, arrolado un no seu colo, deixándose levar n-il. Ate fará uns once ou doce anos, non emprincipiou a pintar.

O Imeldo emprincipiou a pintar de seu, así da noite pr'a mañá, espontaneamente, sen que lle deprehendera ninguén. O Imeldo, com'o Castelao, coma a mór parte dos artistas e dos escritores galegos, é un autodidacto. Deprehendeu co-a Natureza. Un día, do celeiro do subcescente, tódal-as impresiós qu'a paisaxe fora acumulando n-il dende qu' andaba no colo, principaron a sair transformadas en potenza de realización artística, os ollos viron, a mau foise afacendo, e o Imeldo foi pintor.

Pintor d'unha gran fecundidade. O Imeldo ten na sua casa do Ferrol un fayado ond' hai centos de pequenos apuntes e de cartós móres cheos de paisaxes, d'anacos de paisaxe, de detalles miudos d'árbes, de penedos, d'augas e de nubens qu'il vai anotando curiosamente, con amor á natureza, e mais ó seu oficio, estudiando con molto tino, con molta pacencia.

Imeldo Corral é un home calado, un pouco metido en si, qu'aparenta pouco as suas impresiós, porque dominase moi-to, e'un fondo d'humor e ainda de franca alegria silenciosa. Discurre sempre d'un xeito asisado e serio. No vestido, conserva un pouco do antigo tipo d'artista, mais nin ten finximentos, nin rarezas; pinta e, no outro, é com'os mais.

Ama a natureza cecais un pouco mais qu'en xeito de pintor: il colle por asunto un coueiro d'un pino cortado, un tronco seco, un penedo, e trátalo co mesmo cuidado e o mesmo qu'unha paisaxe grande, porqu'il sabe vel-o grande que é o pequeno. E esta maneira de proceder, é a millor proba do seu fondo sentido da paisaxe. Se cadra, vese mais o paisaxista n-estas cousas que nas grandes, qu'houbelan chamado a atención a calquera, namentras que pra éstas compre tel-o gosto especial *étriqué, menu*, que é o que fai ó verdadeiro paisaxista.

O Imeldo trata a paisaxe galega en impresionista. Il busca os matices delicados e infinitos da nosa paisaxe dividindo os tons, pondo unhas ond'as outras as coores puras, ou apenas misturadas, misturadas moitas veces no lenzo ou no cartón, en pinceladas pequenas, coa típica análise impresionista, carregando muitas veces a pintura ate dar a algunas partes moi-to grosso, un relevo coma de mapa hipsométrico. Ten unha paleta limpa e brillante de coorista ledo,

d'efeitos verdadeiros e sinxelos. Vese n-il dende logo o pintor doado e capaz.

A obra

Dos cadros derradeiros d'Imeldo Corral, os qu'agora espuxo n-Ourense e mais en Santiago, imos falar agora.

Un d'iles temos que por aparte de todos, por que non ten case relación c'os outros, repersentando unha maneira de concebil-a paisaxe, ó noso modo de ver, inteiramente distinta da de tódolos outros. Titulase: *A Tarde*. É un quadro que, sendo paisaxe verdá, parece composto, y-estando tratado case com'os outros, parece lambido. É d'un gosto de sentimentalismo século XIX, com'un crono.

As corredoiras. Elqui, ó noso modo de ver chega Imeldo Corral ó cumio en sentimento, en expresión, ainda en procedemento. Vímos trés: d'unha, *Onte choveu eiqui*; outra é a que chama *Corredoira da Recolta*, c'un máxico efecto de sol d'unha gran beleza, somentes superada pol-a impresión de terra mollada e de misterio da enantes citada; e por fin outra n-un apuntío que mereceu as preferencias d'Asorey.

Os *Eucaliptos do Pazo*, é tamén un fermoso quadro. A elegante mancha escura dos eucaliptos, c'unha nota verde craro ó pé, no pirmeiro termo, destacándose no fondo da paisaxe, de tonalidades esvaídas, ten ademais do que fala ó sentimento, un grande valor decorativo.

Un quadro qu'eiqui gustou moi-to, foi o titulado *Inverno*: amieiros, dos que somentes se ven os troncos, á veira d'un regato n-un lameiro verde, c'un fondo escuro de montaña. É un quadro mais acabadiño qu'os outros e de moita forza sentimental.

Onde se manifesta ben o procedemento, é en *A tronada que pasa*, pintado con pinceladas valentes, en manchas desfeitas, e un dos melhores quadros da colección.

Citaremos tamén a sinfonía de verdes de *Neboeiro en Magalofes*; *Casas do lugar*, belo quadro ond'o ceo non entra pra nada no efecto, xa qu'a terra chega ó outo do marco, c'un pino en pirmeiro termo; *A tarde no val*, da que dámola reproducción; a montaña verde de *Silencio*; o ceo azul de *Aldea de Mandiás*, e a entonación marela de *Sol d'Outono*, en ceo e terra; e a lonxanía de *Montañas*.

Nas mariñas, ainda non chegou Imeldo Corral á maestranza nin á riqueza que nas paisaxes. Mais emporiso ten efectos verdadeiramente dinos de nota, cousas tan valentes coma *Espuma nas rocas* e *As torres do mar*, qu'amostran ben do qu'é capaz iste pintor. Reproducimos

eiqui un dos dous cadros que sacou do *Areal do Castelo*. É un cadre d'unha gran beleza de tons, mais por disgracia, a fotografía non pode dalos. Tamén hemos citar *Penas da Morte* e *O mar desde os penedos*.

As mariñas do Imeldo non teñen o fácil encanto dos barquitos, qu'enchen as mariñas cursis, e son un recurso efectista e sentimental de mala lei. Son mariñas desertas: ceo, terra e mar. No mar, coma na terra, intrásalle a natureza pura e libre, as obras do home—divisións das leiras, casitas, canastos ou medeiros, que sole haber nalgúns cadros—ocupando de cote un lugar de segundo ou terceiro orde. Os barquitos no mar sempre axudan a distraer a atención un pouco infantil das xentes, mais eiqui non hai nada d'iso. Eiqui, o mar é o mar, e un mar ben do Norte, com as paisaxes son ben de terras de brétema.

Derradeiramente

Imeldo Corral ten na sua arte certo elemento sentimental que non sole haber nos impresionistas: un fondo de romanticismo qu'está no seu sangue galego, fondo de romanticismo que expresa tamén fondamente a paisaxe da nosa Terra.

As paisaxes do Imeldo non falan somentes á sensibilidade sensorial, senón que teñen unha singular potenza evocadora. Méntense adentro de nós, e chaman polas lembranzas fondas que levamos conosco, e fanas vir, e lembramos tal e tal sitio, e tal e tal paso da nosa vida, e o cadre que temos dedicante, énchese de significacións, ainda qu'o pintor tal intención non tivera.

E ainda que non fora d'ise xeito, as paisaxes d'Imeldo Corral teñen emoción, unha emoción leda e sinxela que logo nos colle e nos prende. Imeldo Corral danos a emoción da Terra.

PROSA

O mare é todo escuma, e as naos c'as velas rachadas polo furacán, acóllense a mansedume dos portos. Ajotado polo balbordo dos pelraes, fuge o mazarico n'un grido acorante e pungente.

As gaivotas, arremuiñadas no furor do vento, voan prestes deixa á terra, á cata do acougo da veiga atranquilada.

Mai-Terra, Coraçon. Nao apouvigada por tódolos ventos, ven, ven conmigo a iste canto de paz da miña i-alma onde entra a raiola morra do teu sol.

A tormenta rachou as tuas velas e estás atecida polos curiscos nordesios. Quénta-te ao meu calore. Coraçon, cantando e traballando, namentras a tempestade s'evai.

En canto amaine, Coraçon, izarémol-as velas, pois hai outros coraços irmaos que nos agardan.

De cumio a cumio pindurou o inverno o seu bretemoso capelo, sombrizo e melancólico.

A choiva, multisonora, cai na terra e no mare, no cón e na árvore ispida, e cada pingota é un sonido armónico na polifonia do verde húmido e tamén sonoro.

Eu véxote vire escontra a porta do meu coraçon saudoso en tí, vertendo melancolia, dorosa e aleixoada.

Parda de brétema, engoumada e sola, en vao chamache a outras portas onde arde a larada bermella da tua carne en muxicas. Todas fican choídas!

Os teus pregos non fono ouvidos, que ja hai muitas almas que viven esquecidas da armota familiar da tua voz manseliña. Es morta no corazón dos teus mesmos fillos!

Pois entra si qués, Mai, que tódolos cantos do meu corazón son teus, e tua tamén a miña i-alma toda.

Eis o teu fillo.

Eis o teu servo.

Síñora, non son merecente qu'entres na miña cativa morada.

O mare bruante escácha-se na riveira absorta, cingida pola cadea lumiosa e liviá das escumas.

E riba das augas, que se debaten na sua tristura, tecen valentes espiraes as longas riolas dos labancos voadores.

A miña Nao navega mare a fora, entre as ardentes ameazadoras que o vento tempestoso ergue.

É como si tódolos monstruos mariños luitasen rejamentos pra lle facere perde-lo seu vieiro; mais conozo o corazón do piloto, sei como é forte a sua i-alma e ferreño o seu brazo.

Qu'importan os ventos traizoceros do norte?

Nos corações afontos mora a esperanza, e entre a mourenza da brétema, enxérge-se ja a luz da nosa estrela, qu'acena arelante c'os seus brazos de claridá.

Só ao seu fulgor nos veremos todos dís.

E ningún de nós fará todo o seu camiño si non é polo arco de luz da nosa estrela.

E il a quén agarda a miña Terra?

Ten tódal-as vidrazas abertas cara ao Atlántico, e a cotío, a juntiña da noite, ve como as naos se perden na apreija misteriosa do ceo e do mar.

E o misterio do seu corazón énchese de melancolia.

Por iso arastora canta sempre o alalala.

E il a quén agarda a miña Terra?

Espélle-se no mare como unha picara namorada nos ollos sonriles do seu galán, e a image dos seus cumios, alónega-se tremelante no fondo

das augas, a esculcas d'un segredo que magua o seu corazón.

E il a quén agarda a miña Terra?

O mare canta aos seus pes como un troveiro namorado, e a miña Terra escolta extática o rexo balbor das augas mariñas.

Cando o bruído témero e arripiante da furna tróca-se na mélida dondura das rías, o mare, silandeiro, asenlla o corazón da Terra, que racha as suas carnes cal si quixera abril-o camiño da sus i-alma e recollelo o segredo qu'o mare mensageiro ll'ha tragueren un día d'áló da longuade.

E il a quén agarda a miña Terra?

De cedo, na hora do abrerente, cando o sol esparexe o misterio das brétemas que soñan nos cumes, e as naos parten, canta de cote a alborada, co peito ateigado d'esperanza.

E il a quén agarda a miña Terra?

V. TAIRO.

RAZAS LOIRAS E RAZAS MORENAS

PRA JOSÉ GARCÍA ACUÑA

I

HAI unha cencia, nomeada Geografía zoológica, moi intresante. Ista cencia, co a chamada Geografía botánica, terá de s'irmanare cada dia mais co a Antropología.

A Geografía zoológica, estuda o espallamento e distribución das faunas no mundo. A Geografía botánica estuda a distribución das florás. A Antropología estuda a zoología do home. Pois ben: ápor que non intentar a creazón da cencia que poidéramos chamar Geografía antropológica?

Hai ja algo mais que tatecos d'ista cencia e ja os sablos fan algo mais que soletrearen n'ela. Dend' os estudos de Trouessart e Wallace mui pouco se ten feito n'iste vieiro científico. Pro o pouquichíño qu'hai, abonda por decontado. A Geografía antropológica é unha cencia de grande futuro, e seguramente será a verdadeira base científica do Nazonalismo.

Europa, considerada dend'o punto de vista da Geografía zoológica está dividida en duas grandes Zonas:

ZONA ÁRTICA
ZONA PALEÁRTICA.

Mais ista segunda Zona, divídese en varias Sub-zonas, moi intresantes. No que refírese á Europa, a zona paleártica divídese en duas Sub-zonas:

SUB-ZONA EUROPEIA
SUB-ZONA MEDITERRÁN.

Agora ben; si trazamos unha liña no mapa da Europa que vaia pol-o Sul da Galiza (da Galiza *geográfica*, comprendendo, pol-o tanto, a provincia portuguesa de Entre Douro e Miño), Sul d'Asturias, Santander e Baskonia, cordilleira dos Pirineus, Alpes e Norte de Italia, Norte da península dos Balkás e un pouco por riba do Norte do Mar Mouro, finando nos Montes Caucásicos, ollaremos que tal liña divide ben craramente a zona paleártica nas duas Sub-zonas nas que fica comprendida Europa: a que fica por riba, Sub-zona europeia; a que fica por baixo, Sub-zona mediterrán.

Pois ben: a *Raza loira* corresponde, percisamente á Sub-zona europeia. A *Raza morena* á Sub-zona mediterrán, que é, case na sua totalidade, africana.

II

Pol-a coor dos cabelos, os Tipos raciaes da

Sub-zona europeia pódense dividir n'istas variedades:

<i>Tipos de cabelos loiros.</i>	}	RAZA LOIRA
<i>Tipos de cabelos rojos.</i>		
<i>Tipos de cabelos castaños.</i>		

Os Tipos da Sub-zona mediterrán dividense d'iste jeito:

<i>Tipos de cabelos mouros.</i>	}	RAZA MORENA
<i>Tipos de cabelos mouros.</i>		
<i>Tipos de cabelos mouros.</i>		

III

Polos diámetros cefálicos, as Razas do Tipo branco dividense d'iste jeito:

<i>Dolicocéfalos</i>	}	
<i>Mesaticéfalos</i>		
<i>Braquicéfalos</i>		

Os Dolicocéfalos europeus son grandes de talla, e de cabelos loiros ou rojos. (Ingreses, es-candinavos, finlandeses). SÓ HAI UN GRUPO DOLICOCEFÁLICO DE TALLA PEQUENA E DE CABELOS «MOUROS». ESE GRUPO FÓRMANO OS MEDITERRÁNS, os da Sub-zona paleártica inferior.

Os mesaticéfalos non teñen intrés pra iste estudo, posto que non hai mesaticéfalos na Europa.

Os braquicéfalos de Raza blanca dividense en dous Grupos, atendendo á cor dos cabelos:

De cabelos mouros e talla pequena. (Lapós, Ligures),

De cabelos castaños e talla mediana. (Celtas, eslavos).

OS ÚNICOS BRAQUICÉFALOS DE RAZA MORENA QUE HAI NA EUROPA NON SON DA SUB-ZONA EUROPEIA, POSTO QU'OS

NOS

LAPOS PERTENESEN Á ZONA ÁRTICA E OS LIGURES Á SUB-ZONA MEDITERRÁN.

Pódese faguer, pois, o seguinte cadro:

EUROPA	Zona ártica.	RAZA MORENA.
	Zona paleártica.	Sub-zona europeia. . . . RAZA LOIRA.
		Sub-zona mediterrán. . . . RAZA MORENA.


IV

A RAZA LOIRA atópase, pois na Europa, entre duas bandas de RAZA MORENA: unha, na Zona ártica, que non ten influencia, polo d'agora, na civilización. Outra na Sub-zona mediterrán. A Geografía antropológica terá que faguer costar, pois, que hai na Europa razas europeias e razas mediterráns ou africanas. Terá que faguer costar mais: que en Hespaña, as Razas europeias forman unha pequena minoría, e que o resto é todo él africano. Tamén fará costar qu'os galegos somos europeus polos catro costados, e qu'os demais habitantes da Iberia—agás dos que ja fixemos mención—son africanos, tamén polas catro bandas.

E a Sociología e a Historia, d'acordo coa Geografía antropológica, dirán mais: que a Raza Morena da Sub-zona mediterrán é oposta antropológicamente, culturalmente e espiritualmente á Raza Loira.

Que é o que temos sostido ja moitos nazonalistas, e o que já ten afirmado Risco, con unha verdadeira e cristalina evidencia.

JAIME QUINTANILLA.





O TEÓSOFO ALEMÁN RUDOLF STEINER

PRA LOIS PÉREZ CARBALLA

1

Apirmeira cousa que teño que faguer, enantes d' entrar n'iste estudo, é xustificalo, dárvole a razón e os motivos de porque o fixen, e mais de porque xusguei comenente de volo dar a coñecer. Porque, si coma dí o outro, o saber non ocupa lugar, tamén é certo que compre establecermos unorde de preferencia nos asuntos que s'han tratar, e mais n'un boletín coma NÓS, onde tódolos esforzos parece qu'han concorrir a un fin específico de cultura galega.

E coma cada un está ó qu'está, non quita qu'haxa quen diga que porque m'en meto n'estas enfonduras, cand'o meu traballo é outro; e ainda coma iso da teosofía ten tantos nemigos, poldera ser que dixeran qu'en co-elo iba nocer á nosa cultura, metendo nos miolos das xentes vagos ensonos e cousas supersticiosas.

Mais acontece, pirmeiramente, qu'istes ensonos da teosofía, non son cousa nova qu'en veña traguer agora, senón que xa están metidos e ben metidos, nos miolos de moitos galegos, e precisamente de galegos das vilas, e ainda as más das veces, dos mais leídos e escribidos; segundamente, que no curso d'iste traballo veredes com'istes ensonos e cousas supersticiosas, son tomadas en moita consideración—polo menos espeitativa—nos medios mais cultos d'Europa e América. E terceiramente, ainda podera ser qu'iste meu traballo servira pr'encaminallos inquéritos dos qu'en Galiza picaron n'ise cebo da teosofía e do ocultismo, e mais, se cadra, pra lles amostralos errados vieiros polos que moitos andan metidos, sobre todo si conseguira atraguelar atención d'iles car'a certa

atitude especial de Rudolf Steiner n'istes asuntos, embora as obras do teósofo alemán non sexan tampouco en tódolos puntos igualmente dinas de seren recomendadas.

Porqu'acontece que cáxeque tódolos qu'en Galiza adican atención a istes estudos, siguen mais ou menos as doutrinas das escolas menos serias e que mais adoitan empregal-a paroleira verbosidade dos que pradicen na feira pra vender específicos. Recibiron ás estas doutrinas dos libros e boletís teosóficos ou espiritistas qu'an dan por España adiante, mais tamén hai outros moitos dos que a maior parte das veces non se sabe, qu'as deprehenderon na América, ond'esta literatura, e precisamente a mais farragosa e insustancial, anda ós montos.

Hai moitos que marchan da aldeia pra América, onde deprenden a se bulraren das bruxas, dos meigallos e dos desconxuros, e a creeren nos espíritos. E volven, e xuntanse cos veciños arredor da mesa parlante. Logo recollen tamén as suxerencias d'un ridículo sinccretismo relixoso qu'anda por aquelas terras, e dín cousas coma a qu'un de Barbantes lle dixo a un dos redaitores d'iste boletín:—«Eu fixen a miña cultura, leendo alternativamente a Xesús, a Schopenhauer e a Allan Kardec».

N'unha visita que fixen á Cruña e ó Ferrol, fai pouco, quedei asombrado dos progresos qu'ellos fixeran a teosofía e o espiritismo. Faláronme dos misterios do Pico Sagro e de moitas cousas mais. O Grupo teosófico Marco Aurelio de Pontevedra é xa unha cousa antiga. Arestora, poda que xa teñan constituído algúns na Cruña. Finalmente, non fai moitos meses qu'andiven en metido n'unha media polémica en col do culto da Vaca Astral na Galiza.

Todo isto ven a probal-a oportunidade d'iste traballo meu, que quer contribuir a enrequetar un aspecto intresante da moderna cultura galega. Outro día, trataré de revelar un pouco do que de verdadeiro ocultismo hai na nosa antiga tradición enxebre.

II

Rudolf Steiner é unha das mais grandes, das mais ilustres figuras do mundo teosófico. Difrénciase da maior parte dos doutrinarios das diferentes sectas teosóficas, en que é un home de forte e grande cultura, de sólida preparación, un verdadeiro filósofo, un home coñecido no mundo culto polos seus estudos d'outra clás, un home que non precisaría da teosofía para adquirir sona e celebridade. Veleiquí a razón de qu'eu volo queira presentar, coma unha seria personalidade científica, en contraste c'outros mestres admitidos correntemente polos teosófistas.

Os mais dos d'eiquí pertencen, ou polo menos signen as doutrinas da Sociedade Teosófica, fundada en 1875 en Nova York, por Helena Petrowna Blavatsky, nobre dona rusa, o coronel americano Henry Steel Olcott, e o escritor irlandés William Quam Judge. Os fundadores d'esta Sociedade pretenden poseer as claves da revelación teosófica oriental, recollida dos Yogis da India e mais dos Lamas do Tibet.

Ora, son moitos a dubidaren de que a fundadora Helena Petrowna Blavatsky estivera de certo no Tibet; o que parece comprobado é que tal señora non coñecía máis língua oriental qu' o árabe, e efectivamente, cando fai citas da literatura india, non son dos téxtos orixinais, senón das versións de Colebrooke e d'outros sabios occidentais. Digo isto polo que toca á autenticidade das fontes orientais das qu' os primeiros teosófistas da escola sacaron as suas interpretacións. Craro qu' hoxe ten a Sociedade Teosófica pandits e eruditos indos qu'a poden sacar d'un compromiso. Non me vou referir agora ó famoso informe do Dr. Hodgson, nin ó asunto de si o *Buddhismo esotérico* e a *Doutrina Segreda* son plaxiadas de certos autores occidentais. En todo caso, as obras de H. P. Blavatsky manifiestan unha erudición tremenda en cencia, filosofía, estoria, mitoloxía, leenda, folk-lore, relixións comparadas, algo de cábala e hermetismo, e moi de tradicións masónicas.

Pouco despois da morte da fundadora, houbo un cisma na Sociedade Teosófica: os fóronse co coronel Olcott e outros con William Q. Judge. Os segundos, dirixidos hoxe por Miss Katherine Tingley, teñen o seu centro en Point Loma (Califonia, E. U. de América), un establecemento xuárdio, c' unha chea d'edificios de gusto dudoso, postos nun precioso parque. Non coñezo ben o desenvolvemento d'esta sociedade. Sei que prós ten de simpático o acollemento que fai das lendas célticas, que teñen inspirado belos cadros a un dos adeutos, o pintor prerrafaelita Machell.

A outra sociedade ten o seu centro en Adyar (Madras, India ingresa) e tén ó seu frente a Mrs. Annie Besant, antiga oradora da *Fabian Society*, e redactora da revista que dirixiu o famoso William Stead. A ésta foi á que pertenceu algún tempo Rudolf Steiner, que foi xefe da Sección Alemana da mesma.

Mrs. Besant imprimiu á doutrina da Sociedade Teosófica un tinte ben marcado de pietismo protestante e de trasnoltado humanitarismo masónico. Ben se coñece que, coma dixo Salomón Reinach no seu *Orpheus*: «la clientèle de ces prophètes se compose de gens pour qui les textes originaux indiens et bouddhistes sont lettre close». Ainda hai mais: Mrs. Besant, seguindo as doutrinas da fundadora, padrica a fraternidade universal (1.º ouxeto da S. T.) Mais soupo aproveitar en favor da sua patria, a fraternidade universal. Efectivamente, Mrs. Besant creou na India unhas cantas institucións encamiñadas a asentar a opresión ingresa, entr'elas unha famosa «Orde dos fillos da India», qu'aparentemente tende ó bó acordo entre ingeses e indíxenas. Isto valeulle á Sociedade Teosófica o ser declarada «de utilidade pública» polo Goberno inglés da India. O caso é que non hai un nazionalista indo que non combatá a Sociedade Teosófica. A políteca d'Annie Besant foi a causa de que Rudolf Steiner s'arredara da Sociedade.

III

A causa principal do Dr. Steiner s'arredar da Sociedade Teosófica, foi a seguinte: Mrs. Besant quería faguer da teosofía unha nova relixión, que, asegúrnela, había sel-a Relixión Síntesi, unha sorte d'esperanto relixioso, un sincretismo pueril, enxendro valeiro «o oco do cosmopolitismo, igualmente arredado da tradición europea e da tradición india. Puxose, pois, a predical-a próxima vinda d'un *Gran Istrutor do Mundo*, encarnación a un tempo do Buddha indo e do noso Cristo, chamado a dar unidade a todos os relixionais. Pra preparal-o camiño do novo Mesías, Maitreya Bodhisattva, Mahdi, ou Parecete, fundou a *Orde da Estrela d'Oriente*, cujos membros levan unha estrela de prata, de cinco puntas no burato da solapa.

Ora, Mrs. Besant tiña baixo da sua tutela dous rapaciños indos: J. Krishnamurti e J. Nit-

yananda, que lle foran confiados pol-o seu pai, Naraniah. O preceptor d'istes nenos foi o colaborador d'Annie Besant, Mr. Leadbeater, acusado de dar certos consellos inmorales ós seus discípulos, acusación que foi apreciada pol-os tribunaes de Madrás. Pois ben, J. Krishnamurti estaba destinado pra ser presentado com' o Gran Istrutor do Mundo... Diante dos tribunaes de xustiza de Madrás declarou Mrs. Besant «que tiña os mais fundados motivos pra creer que Cristo (ou o Señor Maitreya, coma lle chaman no Oriente) dentro d' unhos cantes anos tomaria o corpo do discípulo Krishnamurti».

Todo isto deu lugar á unha violenta campaña nos xornás nazionalistas da India, coma o *Hindu* de Madrás e o *Free Hindustan* de Nova York, sostida por persoalidades ben coñecidas, coma N. Krishnavarma, Myron Phelps, Tilak, o Dr. Nair, Arabindo Ghosh, etc. Mr. Naraniah, o pai de Krishnamurti recravou xudicialmente contra Mrs. Besant e Mr. Leadbeater, que xa levaran os rapaces a Ingraterra, co gallo de qu' estudaran na Universidade d'Oxford. A protección oficial que tiña a Sociedade Teosófica por parte do Goberno inglés, veuse ben crara n'esta ocasión.

Istes escándalos trouxeron coma resultado o arredamento, pírmeiro de Rudolf Steiner e a Sección Alemana. As disidencias principiaron no mes d'outono de 1912. O Dr. Steiner, Segredario xeneral *ad vitam* negrouse a autorizal-a constitución de certas ramas, e logo expulsou da Sección os membros da Orde da Estrela d'Oriente, e por fin, en febreiro de 1913, toda a Sección Alemana arredouse en masa da S. T. e despois constituiu a *Sociedad Antroposófica*. Seguiron as tres ramas da Sección Italiana.

O 30 de xaneiro do mesmo ano, o Representante en Galiza do Axente presidencial pra Hespaña, D. Alfredo R. de Aldao, presentou a sua dimisión por discrepancias doutrinárias coa outra dirección da S. T. Unha vez nada mais falei eu co Sr. Aldao, mais chegoume ben—además da leitura d'algunhas das suas obras, escritas baixo os pseudónimos d'*Aymerich* ou *Eneidie Shaiyah*—pr' apreciar-a sua enorme erudición en filosofía, metapsíquica e tradicíos ocultistas. Pareceume un ocultista de certo, fondamente versado na Cábala, e d'una escola moi diferente da dos discípulos de Mad. Blavatsky. Escola da que logo falaremos.

Por fin, o dia 30 d'outono de 1913, arredouse tamén da S. T. o Grupo Marco Aurelio de Pontevedra, que fora fundado pol-as predicacíos do Sr. Aldao, e que ás veces tiña as suas xuntanzas nas poéticas ruínas de Santo Domingo, debaixo

da pedra d'armas da casa d'Aldao, alí recollida con outras, con curiosas lápidas da época romana e outros ouxets, pol-os coidados da Comisión de Molmentos.

Todo isto pode parecer que representa un arredamento dos que siguen mais ben a tradición occidental—Steiner, Aldao—da S. T. radicada na India e indianizada de mais. Pro resulta que tamén na India se produciron escissões—esto ademais da oposición dos nazionalistas indios, caxéque todos ortodoxos hindúes, ou musulmás afiliados á Ahmadiyyah. A mais importante foi a do Babu Bhagavan Dass, insine teósofo bengali, descobridor, tradutor e editor do *Pravava-Vada*, xoya da metafísica hindú, home que coñece a fondo toda a vella literatura e a vella filosofía do seu país, e que fixo longos estudos europeos—duas cousas das que ben poucos membros da S. T. se poden gabar.

Bhagavan Dass pertencia á sociedade relixiosa Arya Samaj, fundada pol-o Swami Dayanand Sarasvati, pol-o tempo en que H. P. Blavatsky andava pol-a India, e descubriu que tódal-as esencias do vello Direito Aryo—as estudiadas por Fustel de Coulanges no seu libro imortal *La Cité antique*—estaban recollidas e sistematizadas com'en ningures, no *Manava Dharma Shastra* (Código do Manú) e que as institucíos europeas non son mais que dexeneracións d' aquil vello Direito Aryo; do que sacou en limpo que a orxánización esencial da Sociedade hindú é moi superior á orxánización da Sociedade europea, polo q're a rexeneración da India non está nas importacíos ingresas, senón na volta ás fontes limpas da tradición aryia, tal e com' están no Código do Manú, e n-outros vellos libros, que na época romántica xa asombraran á Europa inteira. Ideia logo confirmada pol-a proposición do hoxe gran xefe do Nazonalismo indio, o ilustre Gandhi: «Fora a civilización occidental».

Co-estas ideias, que son as xustas, non podía naturalmente Bhagavan Dass ver con bós ollos os procedementos de Mrs. Annie Besant, e o impersonalismo relixoso dos Arya Samaj, non podía ademeltil-o culto persoal da Orde da Estrela d'Oriente. E Bhagavan Dass, cos seus partidarios, arredouse tamén da S. T.

IV

O culto elixerado qu' os afiliados á Sociedade Teosófica renden ó seu Mestre H. P. Blavatsky fai que moita xente pense qu' esta señora foi a única reveladora da Cencia Oculta no Océano, coma se non houbera no mundo máis escola teosófica qu' a que d' ela se derivou.

Mais elo non é certo, porque a Europa posee unha tradición oculta de seu, coidadosamente conservada dende a alta Edade Media. Esta tradición provén de duas fontes principais: a Kabalah, ou tradición esotérica dos xudeus, e a Cencia Hermética dos Exípcios, recollida polos gregos e logo polos árabes. Ainda unha parte importante da tradición india, a cencia cecais pre-arya dos *Tantras*, en moitos casos reprobada coma cousa de Maxia Negra polos discípulos de Blavatsky, foron trazadas á Europa na Edade Media por ese pobo errante e misterioso dos *zitanos*, *bohemios*, *zingaros* ou *tziganes*, vindos d'álá, tendo pasado, asegúran a sua tradición polos Exípcios. Iste zingaros trouxerón coles un libro máxico que s'estendeu rápidamente pola Europa, aunque mutilado e adicado a outros usos, redactado as suas follas de 78 a 56 en Francia e a 48 ou 40 na Hespaña, e perdido por moito tempo o seu significado. Iste libro é o *Tarot*, do cal non tivo H. P. Blavatsky senón un confeiteamento moi vago e imperfeito.

Esta tradición, conservada polos Rosa Cruz da Edade Media, polos cabalistas e alquimistas do Renacemento, é da que se recruman autores de moita nota do século pasado en Francia, coma son Eliphas Levi, Pappus, Stanislas de Guatia, Sar Peladan, Charles de Sivry, e outros moitos. Iste testemunho é menos unha ventaxa que non teñen os propagandistas aludidos da Sociedade Teosófica; istos non coñecían, os mais d'iles, as vellas línguas nas que están escritos

os téxtos que comentan. En troques, os cabalistas franceses, a mais da sua seria educación clásica, coñecen perfectamente a lingua hebrea. Así pudo Fabre d'Olivet escribir o seu xurdio libro *La Langue hébraïque restituée*, e outros comentar eruditamente o *Sefer Breschith* (o Xénesis da Biblia) e mais o *Zohar*.

Nesta escola francesa, qu'entronca os oculistas do século XVIII, e anteriores: Court de Gebelin, Etteila, Cazotte, Le Nain, Cagliostro, San Xerman, Clodio de Saint Martin, Desbarrolles, Guillerme Postel, etc., etc., debo señalar as infinidades de doulos persoaxes intresantes: un é o xudeu portugués Martines Pascoaes, mestre do famoso Lois Clodio de Saint Martin, a quem tivo na sua escola de teurxia en Blois; o outro é o gran matemático e fisico polaco Hoene Wronski, que propagou en Francia a filosofía kantiana. De Wronski foron discípulos moitos filósofos e sabios polacos, coma Adam Mickiewicz, mais din qu' o único que soupo inteiramente o qu' il pensaba, foi Augusto Cieskowski, o xenial comentarista do *Pater noster*. Eliphas Levi no seu *Dogme et Rituel de la Haute Magie*, indica erradamente o que debe a Wronski a escola francesa d'ocultismo.

A esta tradición occidental hermética e cabalística, é á que en realidade pertence Rudolf Steiner. D'ela recibiu o central das suas intuiciones teosóficas.

VICENTE RISCO.

(Ha seguir).

DO CANÇONEIRO COLOCCI-BRANCUTI

CANTIGAS DE NUNEANNES CERSEO

RESTITUIDAS POR MANOEL FUENTES CANAL

- | | |
|---|---|
| <p>Senhor esta coita que ei
non vo-la poss' eu mais dizer;
e poís vos queredes assi,
querenoa eu toda sofrer.</p> <p style="text-align: right;">5</p> <p><i>¡E Deus mi valha, se quizer!
ca eu ja non lh' o rogarei,
pois vejo que non mi-a mester!</i></p> <p><i>Ca muitas vezes lh' o roguei,
e nunca me quisso valer;</i></p> <p style="text-align: right;">10</p> <p><i>(e) pois non poss' al fazer i
faça de min seu prazer!</i></p> | <p><i>¡E Deus mi valha, se quizer,
ca eu ja non lh' o rogarei'
pois vejo que non mi-a mester!</i></p> <p><i>E pero m' eu vejo meu mal
e mia mort' ond' ei gran pavor
amar-vus-ei miñ mas ca mi,
entanto com' eu vivo for!</i></p> <p><i>¡E Deus mi valha, se quizer
ca eu ja non lh' o rogarei'
pois vejo que non mi-a mester!</i></p> <p><i>E pols me contra vos non val</i></p> |
|---|---|

ESTÉTICA
DA MUIÑEIRA

POR

EUXENIO MONTES

(CONCRUSIÓN)

dos eidos estéticos onde as artes se pousaron

gramente. Por iso cada definição apaga un

o gran matemático e fisico polaco Hoene Wron-

ESTRÍGIA DA MUNIÉRIA

EUKENIO MONTES

EDITIONES

A MUIÑEIRA DANZA CRÁSICA

Reivindicamos pra danza a corporeidá d' un arte autónomo impuxémoslle como pirmeira obriga a de se topar así mesma, espallando, cos músculos contreitos, o que nela houbera das demás artes, dixemos, ó cabo, que a danza, ó xeito das cobras místicas, tén comenzo e remate sin sair da sua anelada lonxitá. Tratámola como á lirica, á arquitectura, á música.

Agora ben; cada sorte de arte tivo, sin perder sua persoalidá por iso, desenrolo mellizo os outros. Cada vento estético abanou, a un tempo, a todos, por iso a danza tivo evolución idéntica á da lirica, á da arquitectura, á da música.

Unha danza específica, podrá ser situada n'un dos eidos estéticos onde as artes se pousaron sempre. A muiñeira, ademitirá a incrusión no crasicismo ou no romantismo. Pra nós é un dos mais enxebres eixemplos de crasicismo, pro, pra probalo, teremos denantes que fixar os conceutos do crásico e do romántico.

Canto mais s'afonda na histórea do arte, mais se un convence de que esta sístole e diástole se repite invariavelmente a través do tempo.

A un momento crásico sigue outro romántico d' iste momento romántico é outro crásico herdeiro, inda qu'iste segundo romantismo non sexa como o denantes por razón da esperencia que o fai aproveitar os crásicos conquerimentos. E nada mais que crasicismo e romantismo hai. Quixo inventarse unha terceira fórmula, o barroquismo, pro, pra os estetas non superficiaes, o barroco será sempre a edade rapazil do romanticismo.

Vexamos agora que é o que é o crásico. Moitas son as definizóns que do crasicismo se enxergaron, moitos os distingos que se fixeron. Si hemos ser sinceiros, recofioceremos, qu' istes probremas non entregan os seus segredos integralmente. Por iso cada definición apaña un cacho, mais non ó todo.

Cando Xan Paulo quere separar crasicismo de romantismo recorre a diferencias de intensidá: O crásico é o práctico, o romántico o vaporoso. Ó pronto isto casi nada nos di, ben ollado, non embargante, isto dinos moito. Oponse o práctico ó vaporoso, práctico ten pols, elquí, un senso de concreción, de determinación.

O PAISAXE

Sen dúbida cando mellor palpamos que é a falla de concreción o síntoma mais carauterístico do romanticismo é o considerar o paisaxe. O paisaxe, non-o esquezamos, a descuberta do paisaxe, foi o gran invento romántico, a aportación dos románticos ó reino da sensibilidá. ¿E que é o que pol-o pronto, nos revela un paisaxe?

Sitnados ante o paisaxe o que denantes que nada notamos é a falla de límites. Un amigo nos acompaña n'un paseo. Súpetamente o amigo dímos: «Que fermoso paisaxe», nós, entón, ficamos indecisos c' un pouco de desorientación. ¿Qué paisaxe? perguntamós. Entón o amigo repícanos: «iste», facendo coa-mau un percorrido, pondo fitos na terra, encadrando co índice, esga-

zando voluntariamente no inconcreto paisaxe un paisaxe concreto.

Sería argumento inocuo o de que ás veces iso mesmo nos concede carón das figuras. Ás veces, pro non sempre. Cabe ter, carón d'un, unha figura isolada, soya; n-iste caso a pergunta non ten razón de ser. Mais no paisaxe a pergunta é indispensábel. A figura pode estar soya ou con outras, o paisaxe está sempre en multitud.

Sabemos, pois, que o pirmeiro que se nos dá, carón do paisaxe é non saber cal é, e ademais, que o oposto ó paisaxe, invento romántico, é a figura, invención crásica. Os puntos suspensivos, expresouse, son románticos sempre.

META E MAIS MÉTODO

Tense dito tamén que romanticismo é exaltación. Certamente os románticos son exaltados, mais os crásicos poden selo tamén. O quid consiste en que a exaltación pro romántico é a meta e pro crásico é o método. Todas as obras románticas tenden á exaltación, e a exaltación está na obra mais que no artista, cecais porque a obra é sempre humán, namentres que entre os crásicos a exaltación é anterior a obra, e fica repregada dentro d'el. O cabio romanticismo é adoutar os medios como fis, é unha trasposición de termos.

Sin unha exaltación, sin un amor, a obra de arte é inconcebible, mais a exaltación se non debe refrexar na obra, debe quedar no home e non chegar ós ouxetos. O romántico leva ó ouxeto a sua exaltación interior, ó crásico non. Permanece distinto do ouxeto e a prudente alonxamento d'el. Non é crásico Parménides cando escribe que o pensado e o que pensa deben ser todo un. Non; o pensado e o que pense son dous. Crasicismo é expeutación, esto é, crasicismo é actitú.

A confusión a que aludimos trasparéntase na obra romántica no senso da falla de armonía e mais unidá. Valeiramente se tentará topar un eixe principal de referencia arredor do cal a obra se forme. Unhas partes, de natural carauter adxetivo, adequieren rango de sustantividá. Lonxe nós de coidar, como Walter Pater, que o accesoario debe ser suprimido. Non; compre o accesoario, mais a condición de que esté como tal accesoario e non pretenda ser principal. Na obra de arte o pirmeiro é a ordenación, a xerarquia. A obra de arte é unha sociedá estética que ten que ter, xa que é sociedá, supeditaciós e crases. N'isto estaban no certo os preceutistas.

Por razón d'esta falla de orden, non hay, na

obra romántica a sinxeleza precisabre. Polo contrario a obra crásica non o é, mais que cando é sinxela. A norma que Pericles espallou polo craro aire grego encadra e define a obra de arte. Agora; respeuto a como se ha entender a sinxeleza temos que decir qu'inda os estetas do crasicismo teñen andado un pouco trabucados, e hastra, ás veces, quixeron a obra de arte tan sinxela que fose expectral, logo, non sólida.

En col do asunto ten Chesterton unhas verbas que cuidamos xustas e suxestivas. «Un delito é como calquera obra de arte. Non se estranha vóstelo do que digo: os crimes e mais os delitos... toda obra de arte de Deus ou do demo ten un elemento indispensabre que é a sinxeleza esencial, infa cando no procedimento baxa compriación. Asina no Hamlet, por exemplo, os elementos grotescos, o sepultureiro, as frores da moza tola, a fantásteca elegancia de Osric, a marelez da aparición meiga, a verdecente calivera, todo é como un remuñío arredor de unha sinxela figura de home vestido de negro.»

Do mesmo xeito na muiñeira, obra non de Deus nin do demo, sinón dos homes d'istas nosas terras noroestes. Os inquedos pasos do comenzao, cando os bailarís esgarabellan e revoltan, aquiles outros en que tecen madeixas que xamais romatan, o momento elástico en que as pareixas adiantan e atrasan abrindose e cerrándose, tal un inxenuo acordeón, todolos movimentos, en fin, non son mais q' unha longa ellipse preparatoria do sinxelo auto d'un home que anda detrás d'unha muller. Pro nin demasiado lonxe, que xa non sería diálogo, nin demasiado preto que sería erotismo, en diálogo casto, gardando as distancias que é a muiñeira a danza de gardal-as distancias.

APORTAZÓN DE GALIZA Á I-ALMA CÉLTIGA

A muíñeira nasceu entre os toxos, nos montes; a muíñeira é danza de montaña. As danzas dos montes acostumán a ser pasenñas, repousadas, calmas, namentres as dos vals son axitadas, ferventes, tolas. Repousada e calma é o a muíñeira en grado forte. ¿Como entre os montes, onde a natureza doise de outura e de vértigo e puxanza, o baile é afincado e mais cráxico?

Temos eiquí un caso craro e perciso de arte que reaúciona contra o medio. Taine, tambori-leiro maior da teoría do arte produto do medio, tomado ó pe da letra a Montesquieu, no soubouver que en moitas ocasións un arte se orixina como reaúcion contra il, o que, craro está, non quere decir que non sexa por il influído. Riell e sobre todo Worringer, de quen agora se van a

traducir ó castelán suas obras, mostraron casos enxebres. Worringer insiste sobre o siguiente: Exipto é terra chan e de amprias pranicies. Carón do ollo exipcio ábreñse longos e imáns horizontes. Pois ben, nos tempos exipcios a multiplicación de columnas e carauterística. En medio dos horizontes amprios o arte fabrica un horizonte estreito. O templo exipcio padece de fobia ó espacio valeiro.

Casos semellantes temos no arte noso. Un d'iles é a lírica irruptura, forte, ofensiva, latigante nascida n'un medio de dozura, de resiliación que presenta sempre os hombreiros encoleitos. Outro caso, mais palpabel inda, é iste que denantes señalamos, da muíñeira, grandiosa aportazón do pobo galego ó crasicismo propio da i-alma céltiga.

25 *Deus nen mesura, nen amor
que vus ei des que vus vi,
amar-vus-ci sempre senhor.
¡E Deus me valha, se quizer,
ca eu ja non lh' o rogarei
pois vejo que non mi-a mester!*

Cantiga de refrão: 4 (4+3) em 4 (5+2)-Octosílabos. Coplas pareadas c' unha polaero perdida nos 3.º versos, a qual liga tódal-as estancias: abcb DAD, ou abc. bd AD. - Rimas longas: ei (a) er (b) i (c) no grupo I; e al (a) or (b) i (c) no II; e et (A) er (D) no refrão. O copista manteve o refrão no sexto verso, a pesar da absoluta igualdade do 5.º de cada estrofe e da ordem das rimas.

5 *Agora me quer' eu ja espedir
da terra e das gentes que i son.
U mi Deus tanto de pesar mostrou,
e a pesar de m' ir alhur guarir
E a Deus gradesco porque m' eu vou.*

10 *Ca (a) meu grad' u m' eu d' aqui partir
con scus desejos non me veoram
chorar, nem ir triste, por ben que eu
nunca presesse; nem me poderan
dizer que eu torto faç' eu en fogir
d' aqui u me Deus tanto pesar deu,*

15 *Pero das terras averei soildade
de que m' or' ei a partir despagado;
e sempre tornará o meu cuidado
por quanto ben vi eu en elas ja;
ca ja por al nunca veerd
nulh' om (e) ir triste nem desconortado.*

20 *E ben digades, pois m' eu vou, verdade,
Se eu das gentes algun sabor avia
ou das terras en que guarecia,
Por aquest' era tod'e non por al;
mais ora ja nunca me seré mal
por me partir d' elas e m' ir mia via.*

25 *Ca sei de mi
quanto sofrí
e encobri
en esta terra de pesar*

30 *Como perdi
e despeadi
vivend' aqui
mens dias posso-m' eu queixar.*

35 *E cuidarei
e pensarei
quanc' aguardei
o ben que nunca pud' achar.*

40 *E (s) forçar-m' ei
e prenderei
como guarrei
consell' agor' a meu cuidar.*

*Pesar
d' achar
lugar
provar*

45 *que' eu veer se poderei*

*o sen
d' alquen
ou sen
de ben*

50 *me valha, se o eu mi ei!*

*Valer
poder
saber
dizer*

55 *ben possa, que eu d' ir ei*

*D' aver
poder
prazer
prender*

60 *poss' eu, pois esto cobrarei*

*Assi querrei
buscar
viver*

65 *outra vida que provarei*

e meu discord' acabarei.

Descorço, segundo o próprio autor di no derradeiro verso. Costa de duas partes desiguais: o corpo da cantiga, com 4,5 versos, e unha extensa cauda de 41 versos que se subdividem en: 2 (3*1), 2 (3*1) e 2 (4*1), 2 (4*1), (1*2*2). O corpo oferece deca-sílabos, e consta de catro estrofes, repartidas en dous grupos un tanto diferenciados. A ordem das rimas, que son agudas, é no grupo I: abcb; ir, ou, ou ir, uu, eu, II: predominan as graves, c' unha verba perdida no verso inicial: desff: ade, ado, e ma 2.º e ade, in, al na 4.º A cauda compõe tamén de dous grupos distintos de coplas seguidos d' unha síntese: I versos de 4 e de 8 a a a b a a a c c b e c e b e con rimas longas: ar ei en er. A síntese reúne os versos e consonâncias d' ambas series [menos a d] apresenta un verso de 4 dous de 2 e dous de 8: c b e c e.





LITERATURA CÉLTIGA

NOSA SEÑORA DOS OUTEIROS


CAND' ÉRAMOS meniños, non dicíamos: «coma d' elqui ó correo» nin: coma d' elqui á cortadaría ou á tenda», senón que midíamos polo puzo cuberto do souto, ou polo tobo do rupo no outeiro. Nós éramos entón de Deus e das suas obras e mais das cousas vindas dos días antigos. Nonos houbera asombrado vermoldos pés brancos d'un anxo por médeo dos chouparros brancos nas montañas, porque nós coñecíamos n-aquiles días o imenso desespero, o amor insondabre—todo humor eterno—; mais agora, a rede está orredor dos nosos pés. Algunhas millas ó leste de Longh Hill, unha rapaza nova protestante, qu'era a un tempo bunita de seu e lindamente vestida d'azur e branco, viña de vagar por antr' os chouparros da montaña, e teño unha carta súa onde conta coma atopou unha tanda de nenos e viu a ser parte do seu sofio. Cando pírmelro a viron así n-un pronto, botáronse coa cara na terra coma collidos d'un gran medo; mais ó cabo d'un pedazo, outros nenos viñeron xuntarse a iles, e iles erguérónse e seguirona caxequé bravamente. Ela decatouse do medo, e de pronto, detívose e tendeu os brazos. Unha neniña botóuselle n-iles berrando: «Ay! vostede é a Virxe da imaxe!» «Non», dixo outra qu'á sua vez s'aproximou, «é unha fada do ceu, porqu' é da coor do ceu». «Non, dixo unha terceira, «é a fada que sai dos estraloques, que se fixo grande». Os otros nenos, apesares, aseguraban qu'era a Virxe, porque levaba as coores da Virxe. O seu bó curaçón protestante turbouse moito; fixo sentar ós rapaces acarón d'ela e quixolles espricar quen era, mais iles

non quixeron comprender nada. Vendo que non servía de nada seguir, perguntoulles se tiñan ouvido falar de Cristo. «Sí», dixo unha, «mais nós non lle queremos porque sin a Virxe, matarianos». «Dígalle que sexa bó pra mí», díxolle outra no ouvido: «Il me non deixaría chegar a Il, porque o papai dí que son o deñio», escramou unha terceira.

Ela faloulles moito de Cristo e mais dos Apóstoles, pro ó cabo, interrumpiuunha unha vella armada d'un pau que ó tomala por unha aventureira a caza de prosélitos, botou d'ellos ós rapaces apesares d'iles dicir qu'era a gran Raíña do Ceu que viñera a pasear pola montaña e ser boa pra iles. Cand' os nenos se foron, ela seguiu camiño, e cando tiña andado unha médea milla, a nena que chamaban «o deñio» saltou do gran focho, perto do sendeiro e dixo qu'ela podería creer qu'era «unha dona coma outra» si era que levaba «duas sayas», porque «as donas sempre levan duas sayas». Ensiñoulle as «duas sayas» y-a nena foise coas orellas gachas, mais unhos minutos mais tarde, volvou saltar do focho, e berrou furiosa: «Papai é o deñio, mamai é o deñio y-eu son o deñio, e vostede non é mais q'unha dona coma outra calquera»; e despóis de lle tirar unha presa de coios e lama, marchou correndo e saloucando. Cand'a miña linda protestante chegou á casa, decatouse de que perdera as borlas da antuca. Pasado un ano, atopouse por casualidá na montaña, vestida c'un sinxelo vestido negro, e atopou á nena que pírmelro lle chamara a Virxe da imaxe, e viu as suas borlas penduradas no pescozo da nena e dixo: «Eu son a dona que viches o ano pasado e que vos falou



OS CACIQUES (angleterre) por CASTRO GIL



de Cristo». «Non, non é verdá! non, non é verdá! non, non é verdá!» respondeu apaixodamente a nena. E despois de todo, non era a miña linda protestante, senón María, Estrela do mar, a que de cote se pasea na tristura e na beleza por tanta montaña e por tanta ribeira, a que botara aquelas borlas os pés da nena. É de verdade

comenente qu' os homes lle recen, a ela que é a nai da paz, a nai dos soños, a nai da pureza, que lles deixe ainda unha horiña pra faguel-o ben y-o mal e pra contemplar o vello Tempo rezando o rosario das estrelas.

W. B. YEATS.

(Trad. de V. R.)

QUOD NIHIL SCITUR

TRADUCCIÓN DE XAN AZNAR PONTE

(Continuación)

A cencia non é outra cousa qu' unha interna visión. S'a cencia é un fato de concrusións, iste libro ten moita cencia. Tí eres protervo: has dicir que cecais ten a cencia escrita, conforme a aquello de que, unha cousa é o termo vocal, outra o escrito e outra o mental. Non entendo. Mais concédeo, non embargante. Que se sigue? Que nin tí nin eu sabemos nada. Proba isto Esoipo, que posto pra vendelo ante doux compaixeiros d'escravitude, un gramático e outro retórico, interrogado o derradeiro sobr' o que sabía, respondeu: «nada». De que xeito foi isto? Porque dixo: «o gramático e mais o retórico non me deixaron nada prasaber»; pois aquiles interrogados enantes sobr' o que sabían, responderon: que sabían tódal-as cousas. Asina, asegún tí, iste libro sabe moito, aquil ainda mais, e tódolos outros do mesmo xeito; logo nada queda pra deprendernos nosoutros.

Sigo pra diante. S' houberan dito qu'a cencia é un aglomerado de moitas cousas na mente, sería millor; inda que non inteiramente verdadeiro. Pois a cencia soilo pode sere d'unha cousa. A cencia é somentes de cada cousa por ela mesma, non de moitas cousas a un tempo; do mesmo xeito qu'a visión é o d'un ouxeto tineco, pois se non poden ver perfectamente duas cousas simultaniamente, do mesmo xeito que se non poden entender duas ó mesmo tempo, senón unha despois da outra. D'eiquí que se diga qu'o sentido apricado a moitas cousas, é menor pra cada unha d'elas. Mais, do mesmo xeito que tódolos homes pol-a especie, ou millor pol-o nome, son un só, así tamén a visión dise que é unha, anque o sexa de moitas cousas, e as visións sexan muitas en número: así a Filosofía

dise que é unha cencia, anque sexa contemplación de moitas cousas, cada unha das que ten a sua propia contemplación, e a cencia de calquera cousa despois da contemplación é unha.

Mais non é certo isto mesmo, qu'a cencia sexa un cúmulo de moitas cousas na mente, o qu' ineptamente pensan moitos, chamando dous a aquiles que teñen visto e ouvido moitas cousas que poden recitare aixiña xa na mesma cencia, xa en cencias distintas; cando mais ben socede qu'o que quer abarcalo todo, pérdeo todo; unha cencia abonda pra todo o mundo, e todo o mundo non abonda pr'a cencia. Pra mí, a cousa mais pequena d'iste mundo, é d'abondo e ainda de más pr'estudar por toda a vida inteira e non espero poder chegar a coñecela.

Como pasa logo qu'un home só poida chegar a saber tantas cousas? Pol-a contra créeme a mí, son moitolos chamados, e poucolos escollidos; por tí mesmo podes esperimentalo, observando algunha cousa, un verme, si queres, a sua y-alma: nada podes deprehender. Confeso que compe qu'unha cousa estea no espírito pra qu' alguien a seipa; mais isto non é cencia, senón memoria; do mesmo xeito qu'a visión non é a xuntanza d'imaxes nos ollos, (s'a visión se fai asina) anque sen esas imaxes a visión non poda existir. Pois vemos qu'aquiles qu'imaxinan fixamente algunha cousa, nada sinten de calquera cousa que s'ofreza ó seus sentidos, anque entón s'impriman tamen as imaxes nos seus ollos e nos seus ouvidos.

É por esta mesma razón pol-o qu'afirmaban que tódalas cousas están en nós. Pois de que modo, din, coñeceriamol-as qu'están fora de nós? Tódalas cousas por tanto están en nós, re-

volvendo n-elas, atopámos-as, e isto é saber. Mais engánanse de mais. En pirmeiro lugar, afírman que en nós está o burro (cecais estean n-iles) o león e os demás animás. Mais como se pode facer qu'eu estea no león e o león en mí? É unha quimera que tí finxiches.

Ogallá nos probasen que sabemos algo; pois entón concederíamos-lles a consecuencia, ou sexa que nada se pode saber que non estea en nós. Tódal-as cousas se saben, logo todas están en nós. Agora, empero, a maior é dudosa; a menor falsa. Como logo, podes concuir?

En segundo lugar, arguyen mal, si pensan qu'abonda pra que seipamos algo qu'as cousas sabidas estean en nós. Inda qu'isto fose condutente, se poidera ocurrir, non se seguiría d'eiquí que tódal-as cousas estivesen en nós, senón o contrario, pois están en nós, o corpo, a y-alma, o entendemento, as facultás, as imaxes, e outras moitas cousas, que de ningún xeito podemos coñecer perfectamente; mais esta cuestión de si tódal-as cousas están en nós, tratarémosla expoñendo. Agora abonda ter tocado o que poida servir pra cuestión tratada.

Non son as cousas ou as imaxes esistentes en nós as que fan ou costituyen a cencia, mais énchese a memoria co-elas, e dempois son contempladas polo entendemento. Tamén deduzo d'eiquí que moi trabucadamente chámase á cencia un hábito. Pois iste é unha calidade difficilmente alterable: a cencia non é unha calidá, a non ser que quelras chamarlle calidá, á visión; senón que é un auto sempre da mente que xa na pirmeira intuición pode ser perfeito, non permanece senón en tanto está no espírito, do mesmo xeito qu'a visión. A imaxe d'esa contemplación e coñecemento que se fai polo mente, é mandada á memoria, e queda n-ela retida, si queda ben fixada, dícese hábito, si non disposición.

Esas cousas serán propias da memoria, non da cencia, si se volven a traguer, entón dirase lembral-o que se sabe, non saber: a non ser cando aquello se contempra, así coma o que conta o que viu non-o vé. Dícese non embargante, que muito sabe o que garda na memoria o sabido porque xa o soupo enantes, e pode sabelo cando queira, pois c'un pequeno esforzo, mirando pr'as cousas enténdelas, por que xa antes as entendeu. D'eiquí resulta evidente qu'o hábito de moitas cousas na memoria non se di cencia, a menos qu'haxan sido antes coñecidas polo entendemento. Mais o noso saber (ou maravilla!) decía Platón que non era mais que lembrar, ou sexa, qu'a nosa y-alma enantes de ser nós sabía tódal-as cousas, e esquéceas todas cando

s'afunde no corpo, e pouco dempois com'esperada pol-a morte, lembrase de todo.

Mais perdoe o sapientísimo filósofo, Isto non é mais qu'unha agradabre flación non confirmada pol-a esperencia nin pola razón, o mesmo qu'outras moitas cousas que soñou sobre da y-alma, com'amostraramos no tratado *De Anima*. Aristóteles refutou moitas veces iste erro deixando as suas razós que poden ser lidas nas suas obras; coma pertence ó noso asunto, digamos algo en col d'elo.

Si Platón houbera dito qu'il vira a sua y-alma denantes d'haber entrado no corpo sabendo tódal-as as cousas cecais houbera creído, e entón non sería home, senón pantasma ou sombra. De certo qu'eu non sei as cousas que foron antes de mí, no que vexo, creo á forza, mais com'hei de creer nos teus sonos? Dí: a y-alma, antes d'entrar no corpo, sabia ou non sabia? Non dis isto. Entón ou a cencia da y-alma era soilo lembranza, ou non. S'era lembranza recibiuna d'outra y-alma qu'había n-ela que xa enantes d'estar n-ela o sabia todo.

E sobre d'esta perguntarei de novo: seu saber non sería lembranza? Lévate así ate o infinito. Si non é por outra y-alma qu'ela se lembra, senón por si mesma, entón tíña esquecido antes: por qué? E si se tíña esquecido enantes, de qu'este socedese, seu saber sería tamén lembranza? Outra vez lévate ó infinito. S'o saber da y-alma non era lembranza, cecais perdeu o seu saber cand'entrou no corpo? Se non-o perdeu sabe o mesmo qu'antes. Mais antes asegún tí o seu saber non era lembranza.

Si pol-a sua inmersión no corpo coma discom'a estivera asustada d'habitar un novo domicilio temporalmente permanece esquecida de si misma lembrariase despois d'aquello qu'esquecera mais non o sabería de novo; do mesmo xeito, que nós esquecidos das cousas que sabímos lembrámoslas, mais esta lembranza non é saber.

Si se perden por compreto xa se non poden lembrar. Pois só lembramos aquelas cousas qu'ainda están na memoria ou na maximación, mais que se non ofrecen ó pensamento; por isto n-algunha ocasión escitadas por algunha cousa semellante ou pol-as consecuencias d'outras saen á pantesia e lembrámoslas porque xa denantes estiveran n-ela.

S'estiveran compretamente borradas non habría lembranza senón unha nova impresión coma lle pasa a aqueles que por enfermedade caen no esquecemento do seu propio nome, e si ocurrir qu'o deprender dempois non dirás qu'o lembran; pois o mesmo vulgo dí qu'o teñen por

olvido e por iso hai qu'enseñálos de novo coma se foran nenos; e iles mismos negan ter sabido outrora aquello que ll'enseñan. Saber non é polo tanto lembrar.

Ademais sempre que lembramos, decimos: isto tiñao esquecido, agora lémbrome qu'así pasou. S'esto acontecese á y-alma que só lembrara, o neno diría o ser ensinado: eu xa sabía isto, agora lémbrome. Agora ben que neno é o que dí isto? Ademais s'a y-alma sabía enantes de se xuntar co corpo despois será ela a que sabe non o home. Mais, non é ausurdo dicir qu'a y-alma sabe?

Polo derradeiro fagámol-o asunto mais craro pois a cuestión versa sobr'o nome. Ou saber e lembrar significan igual ou non. Igual non, posto que non usamos indiferentemente unha verba por outra. Eu non dúbido que tamén os cás lembran, pois non hal moito pegueille a un

adrede e despois d'iso sempre que me ve ladra, lembrándose dos golpes. Mais, quen dirá por isto qu'os cás saben? Ceccais por mor d'Aristóteles non queiras conceder qu'os cás lembren; mais d'isto falaremos logo. Lembran de certo as mulleres e mais os nenos, e mais nada saben. Hasta todos nós lembramos mais nada sabemos. S'esas verbas non significan igual, porque as tomou Platón no mesmo sentido? S'algúnha d'elas é superior á outra, porque non engaden algúna diferencia que restrinxese o seu significado? Efectivamente, o home é un animal, mais non-o é o sollo, que tamén o é o cabalo; por isto engadimos a iste a verba cadrúpedo e a aquil a verba bípedo. Non significan pois igual; logo saber e lembrar son cousas distintas. Nada mais d'esto. Imos a outra cousa.

(Seguirá)

SEICIÓN ARQUEOLÓXICA

INTENTO DE CATALOGACIÓN DOS CASTROS GALEGOS

Qu'os castros galegos, a pesar de contar c'una abundante bibliografía, non están ainda ben estudiados demostra-o o feito, de que na hora presente, non se sepa nin o seu número nin a época aprontimada da sua construcción, nin o ouxeto pra que foron erguidos, nin moito menos cal pudo ser o pobo qu'os ergueu.

Pra o señor Ballesteros os castros son da época do bronce; pra o señor Bosch Gimpera pertenecen o posthallstattico español. Pra us son simpres refuxios ou lugares de culto; pra outros especies de castelos dos xefes dos clans ou verdadeiras poboacions fortificadas. Os celtistas din que foron edificados polos celtas; os non celtistas que foron os bascos, os liguers ou os iberos quen os ergueron, e ninguén da d'unha maneira segura un dato certo de cronoxoxia ou d'etnoloxía.

Y-esta lamentabre confusión nace de qu'os esforzos xenerosos e intellixentes dos arqueólogos que de castros se teñen ocupado, tropezaron sempre coa falta d'estudios direntes e suficientemente numerosos pra poder formar un xuicio seguro.

Craro está que pra remediar iste estado de cousas, o ideal sería emprender a escavación

sistemática do mor número posibre de castros, pero é ista unha labor qu'a mais de precisar dñeiro d'abondo e tempo de largo, hase d'enredar o día que s'emprenda en tódal-as dificultades qu'a codicia y-a ignoranza podan atravesar ó seu paso.

Así é que deixando pr'os que tras de nós veñan tal tarea, imos precurar facilitarles o camiño no posibre, intentando n-ista revista a formación d'un catálogo de castros galegos, onde unha vez terminado, podase alcontrar o número esauto dos agora existentes, a sua situación, mensuras, xeito das defensas, forma, etc. E a mais d'elo unha referencia relativa a restos d'edificacións qu'afroren na terra, ouxetus que n-iles se teñan atopado, ben por causas fortuitas com a consecuencia da busca de tesouros, tantas veces praticada polos nosos paisanos, precurando, naturalmente, unha rigurosa comprobación d'istes últimos estremos.

E como semellantes traballos é a causa do gran número de castros existentes, moi superior ás nosas forzas, diriximos dend'aquí un rogo a todos aqueles, que com os señores Maciñeira, Arias Sanjurjo, Castillo López, e Amor Meilán teñen ben demostrada a sua competen-

cia n-ista cras d' estudos, pra que presten o concurso do seu saber e da sua esperencia a ista obra, ó noso xuicio, tan necesaria pra un bó conocimento da Galizia preromana.

Núm. 1.—CASTRO DE BERREDO

Situación.—Na parroquia de Berredo, aumtamento da Bola, provincia d' Ourense. Está colocado no cumre aplanoado d' un monte que, amais de dominar toda a veiga de Celanova, pecha un dos pasos, o mais antigamente usado, que poñen en comunicación o val da Arnoya co-a comarca limiá.

Forma e mensuras.—De forma eliutica e collendo a superficie a llana cima do monte. Mide no eixe moor 100 metros, e no pequeno 80 metros.

Defensas.—Un muro de metro e meio d' ancho feito de cachote e aproveitando todo o posibre as rocas do monte que en moitos sitios ainda poden servir hoxe d' excelente parapeto. O muro está destruído e non queda d'll mais qu'o cimento que en algúns lados chega a desaparecer.

Ouservaciós.—No recinto do castro aparecen moitas pedras labradas, que pol-o sitio que ocupan n-as partes mais altas do monte non parecen pertencer os muros de defensa e si a algunha edificación da cual encontrariánse seguramente vestixios si se fixeran escavacida. Na parte do nacente vense como si foran vestixios de duas especies de plataformas e restos de dous muros que puderan servir pra conter as terras. Pero todo tan pouco eraro que no nos atrevemos a formular ningún xuicio.

Núm. 2.—CASTRO DE CASTROMAO

Situación.—Na parroquia de Castromao, aumtamento de Vilanova, provincia d' Ourense. Está colocado na parte superior d' un outeiro que domina unha gran estensión do val da Arnoya.

Forma e mensuras.—De forma eliutica e collendo dende meia ladeira pra riba o outeiro de referencia. Conserva hastra o remate que foi allanado intencionadamente a pendiente natural que non é moi pronunciada. Mide d'eixe moor 150 metros, e de eixe pequeno 130 metros.

Defensas.—Están constituidas únicamente por un corte do terreo de vinte metros d' outura sobre do qual debou sobresair en forma de parapeto unha muralla de metro e meio d' ancha, e feita de cachote pepueno qu'ainda aparece a fror de terra n-algús sitios. Esta muralla debía arrincar seguramente do pe mismo do corte do terreo a que denantes fixemos referencia, servindo a maneira de muro de contención.

Ouservaciós.—En toda a área do castro apa recen, anque non moi basta, pedras labradas toscamente que deberon de pertencer á muralla, pois non podemos ouservar o menor siñal d' edificación no interior do recinto fortificado. Na parte do Nacente nótase unha pequena depresión que cicais sea resto d' un antigo pozo.

Bibliografía.—Iste castro foi visitado por don Anxel do Castillo e non sabemos si publicou algo sobre d' il.

O artigo titulado O PINTOR IMELDO CORRAL deberá ir ilustrado con catro reproducións de cadros do ilustre paisaxista. Mais non tendo chegado a tempo os fotogramados, tivemos que deixalos pra dalos mais adiante fora de tésto.

ARCHIVO FILOLÓXICO E ETNO- GRÁFICO DE GALIZA

C. IV.

Conto das mil mentiras

(RECOLLIDO POR MANUEL GALLEGOS SEARA, MESTRE NACIONAL, EN LAVOSA, NA PARTE DE SARRIA, PROVINCIA DE LUGO).

Si me poño a discurrir—discurro cen mil mentiras—que pol-o mar andan as lebres—e pol-o monte as anguias.—Funm'a casa do venteiro—pedinlle de merendar—(y-encontreina ben cerrada)—y-o venteiro está parido—y-a venteira vai (na arada) arar.

Andava na arada, e viñéronme buscar, pró bautizo de meu *abuelo*. Cólcome os bois na aguillada, e hotel o xugo a andar, cheguei a casa e colgueinos nunha estaca, y-o xugo puxeno no pesebre e boteille un bó brazado d'erba.

Sublin á cuciña y-encontrel sete potes de boca abajo y-outros tantos cos pés arriba, y-onha cuciñeira facendo de comer a puños d'augua.

Estabamos na mesa, e dixom'o compadre:—Vamos ver o seu colmenar; fomos e puñémonos a contar as colmeas e nunca as pudemos dar contadas; pero logo dixome:—compadre, vamos contar as abellas? E démolas contadas, solo nos faltaba a abella maestra, e fómola buscar, y-encontrámola n'un monte, e catorce (sete) lobos comendo n-ela, y-ainda lle faltaba por comer o cuarto d'atrás; preguntame o compadre en que abiamos de botar o mel que tiña. Botei a mau á cabeza, saquei un piollo e sacámoslle o pelexo, botamos n-il sete canados de mel, y-ainda quedou un pouco; non tiñamos conque o atar, saquei un pelo da cabeza, démoslle catro dobleces e chegou e sobrou. Traía o pelexo ó carrolo, y-onha ave rapinha veume a picar n-il, boteíme tras d'ela y-apousóuseme n-un pino; empecei a presas de terra, hasta que tiña aló doce fanegas de terra; vendo el tan boa terra, fun sembrar sandías, cabazas e melós; cando estaban maduras as sandías, quixen comer unha, claveille a navalla e marchoume pol-o burato que fixo, mirei, e vin un home c'un lazo á cintura e perguntooume:—E vosté que fai ahí?—buscando unha navalla—vaille boa! que ll'ai catorce anos

qu' ando buscando unha vaca e nona puden atopar.

Despois púxenme a subir pol-a rama d'unha pataca hasta que cheguei ó ceo, vin elí a meu irmão Xan—que c... fas elí?—Con esas cousas eiqui non veñas (1).

(COMUNICADO POR A. N. B.)

O que dín as galínas o cantare:
O gallo:—Aaaaah! veeen oo Obispó!
Os pitos:—Triste de nós, triste de nós...
A pita:—Botalo fora, botalo fora!

A cabra cando pare, dí:
—Non hei volver éla, non hei volver éla...
E así qu' acabou de parir, dí:
—Inda veremos, inda veremos.

ADEVIÑANZAS

(Recollidas por X. Núñez Búa, en Tenorio (Ponteredra), con variantes das publicadas nos números 12 e 32. Véxans' os números 1 e 2 d'ista boletia).

- 69 Unha arquiña de bon parecer
que n'hai carpinteiro qu'a seipa faguer.

A noz.

- 70 Antre duas paredes verdes
hai unha frol colorada
que se pode presentare
diante do rei de Granada.

A sandía.

- 71 Antre duas paredes brancas
hai unha frol amarela
que se pode presentare
diante do rei de Castela...

O ovo.

(1) Temos outra versión d' isto conto das mil mentiras, que publicaremos no seu dia. Outra publicou D. Marcial Valladares, no tomo IV da *Biblioteca de las tradiciones populares españolas* (Sevilla, 1884), que dirixía o Sr. Machado. Esta versión está en verso, e coincide cos que publicamos no caso de colgar os bois na aguillada, e mais o episodio das abellas. A versión que publicamos tamén principia en verso. As verbas que ponemos entre paréntesis, están emendadas na transcripción que nos deu o Sr. Gallego, e anotámos-las como variantes.

	(RECOLLIDAS POR A. N. B.)	(RECOLLIDAS NO VAL MIÑOR POR X. RODRÍGUEZ DE VICENTE).	
72	Unha vellida moi arrugadiña c' unha tranquila no cu. Pasa é, y-adivina, burro, o que é.	73	Pra qu'eu beile póñem'a capa porque sen capa non podo beilar; e pra qu'eu beile. tíram'a capa porque con capa non podo beilar.
	A UVA PASA.	O TROMPO DOS NENOS.	
73	Al pempín, ruin cabaleiro, pégallo a risa e solta o diñeiro.	—	
	O OURIZO COA CASTAÑA. (Véase n.º 24)	76	No médeo do mar estou; non son de Deus nin do mundo, nin do inferno profundo, y-en todos lados estou.
74	No monte nace, no monte se cría, chega á casa e rifa co-a tia.	77	Qu' é aquelo que vai á praza, e da praza vai pr' á casa, e baila com' unha rapaza?
	O CARRASCO.	A PENEIRA.	

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

LEONARDO COIMBRA

Foi nomeado Ministro d' Istrucción Pública da Repùblica Portuguesa.

NÓS, que ten a honra de contar antr' os seus colaboradores ó eminente escritor e filósofo, a quem profesámos a mais fonda admiración e amizade, fai notar iste feito coa mais grande iedicia.

Leonardo Coimbra é ben merecente d' ocupar iste posto relevante, no que xa estivo, e dende' o que rendeu e ha render á Nación irmá os mais estimabres servizos, pois ha saber impór d' ensenho e a cultura portuguesa o nobre cuño do seu pensar de cote erguello e secundo.

Leonardo Coimbra é ademais d' un home d' outra mentalidade, un home de gran corazón e un gran patriota; ten demostrado tamén o grande amor que siente pola Galiza, irmá de Portugal.

NÓS celebra a sua elevación ó Ministerio xuntamente por Portugal e por Galiza.

EXPOSICIÓN IMELDO CORRAL N-OURENSE

Gustou molto e non quedou ningúen que non

fose a vela. Mercaron cadros a Sra. Condesa do Valle d' Oselle, Asorey, D. Modesto Varela Sotelo Valledor, D. Modesto F. Román, Dr. Parada Justel, D. Emilio Vázquez Pardo, D. Ramón Villot, Francisco Luis Bernárdez, etc.

A Diputación Provincial, a proposta do señor Varela Sotelo, adequiriu tamén dous cadros do ilustre paisaxista.

A LINGOA GALEGA
NO ANO 1922

O ano 1922, caio balance compre faguer agora, foi fructífero pr'a nosa lingoa. N'il, coma en ningures, puido probarse a renacenza do galego.

Publicáronse as seguintes obras:

Teatrais: «Alén», de Xaime Quintanilla; «Mal de moitos», «Trato a cegas», «O manciñeiro» e «Axúdate», de Euxenio Charlón e Sánchez Hermida (en dous volumes); «O Trebón», de Armando Cotarelo e Valledor.

Literarias: «Saundade», de Xaime Quintanilla; «Os catro cisnes brancos», leenda celta traducida do inglés, por F. Barreiro; «Almas mortas», de A. Villar Ponte; «O novo xuez», de G. López.

Abente; «A costureira», de N. García Pereira; «O olllo de vidro», de Castelao; «A y-alma de Mingos», de Francisca Herrera Garrido.

Poéticas: «Vento mareiro», de Cabanillas; «Abrente», de Taibo.

Doutrinaes: «Doutrina nazionalista», de Ramón Villar Ponte; «Gramática Galega», de M. Lugris Freire.

Neste mesmo ano nasceron tres novas publicacións: «Céltiga» do Ferrol, «Rexurdimento» de Betanzos e «Alborada» de Pontevedra, que publicou *O Cabaleiro do San Graal* de Cabanillas, *Camíñantes* de Lousada Diéguez e *Maliaxe d'Amado Carballo*, e mais un belo número do Día de Galiza.

En Pontevedra houbo un concurso literario escrusivamente d'obras en galego, onde foi premiado o noso colaborador Fermín Bouza Brey.

E ademais en *La Zarpa*, d'Ourense e n'outros moitos boletins de Galiza e das Américas, especialmente *Correo de Galicia* de Buenos Aires, publicáronse numerosos artigos na nosa lingua, sin contármol-as follas das Delegacións da I. N. G.

A parte as conferencias en galego que no longo do ano foron dadas en diferentes cidades da Terra,

estreáronse obras teatrais de A. Cotarelo Valledor, L. Carré e Manoel Vidal, e repetíronse con éxito outras de Lugris, San Luis, E. Carré, Lameiro e outros.

CASTRO GIL

O eminente augafortista galego tivo un novo trunfo, ganando o premio de grabado do Círculo de Bellas Artes de Madrid.

Logo hemos dar en NOS un estudo en col da obra d'iste grande artista que tan ben sentada ten xa a sua sona, e tamén hemos dar augafortes orixinaes suas.

CONTEMPORANEA, Nº 5 Lisboa

Moi boa.

Artigos e traballos de Celestino Soares, Eugenio de Castro, Aquilino Ribeiro, María de Carvalho, Beatriz Delgado, Carlos Babo, Augusto Ferreira Gomes, Rogelio Buendía, Castelo de Moraes, Fortunato Velez, Francisco de Lacerda, Artur Portela, Luis Moita.

Deseños e viñetas de Manoel Jardim, Mily Possoz, Almada, e Stuart Carbalhais.

Reproduccións de Vasquez Diaz e Juan Cristóbal.

Anuncia un número de Nadal.

Hai que se decatar ben que *Contemporanea* é unha:

«Revista feita expressamente pra gente civilizada».

«Revista feita expressamente para civilizar gente».

Polo tanto convén calar.

A TERRA, Córdoba (República Argentina) outono 1922

Número dedicado a Concepción Arenal, co gallo de ter dado o Concello Municipal de Córdoba o nome da ilustre escritora a unha praza d'aquela vila, o que logo foi deixado sen efecto... Trai interesantes traballos de Francisco Mañach, María del Pilar Contreras, S. Lara Carriño, Roque Coll, Fray Genaro de Artavia, Luis J. González de Castro, Justo López de Gomara, Carlos Malagarriga, Juan Rodríguez Elías, Fernández Florez, Juan Deza, Emiliiano Balas, Manuel Novoa, Lisardo Barreiro, Manuel Rojo, Manuel Fernández González, Francisco Sánchez García, Sarah Lorenzana e P. Miguez.

EL AMERICANISMO ESPAÑOL e LAS NAVEGACIONES OCEÁNICAS Y LA CIVILIZACIÓN PENINSULAR PERSONIFICADA EN MAGALLANES por o MARQUÉS DE FIGUEROA

Son duas conferencias do noso ilustre colaborador, a primeira inaugurando a serie organizada pola Casa de América de Barcelona, cando a Feira de Mostras, e a segunda no II Congreso de Hestoria e Geografía, na Cámara de Comercio de Sevilla. A primeira é un perfeito estudo do espírito verdadeiro do hispano-americanismo, e o verdadeiro punto de vista do problema.

A segunda é unha evocación histórica das navegacións hespánicas e portuguesas, as que seguindo a idea d'Oliveira Martins d'unha civilización ibérica, que persoifica na figura de Fernando de Magalhães, vai señalando as mutuas colaboracións de homes dos dous pobos nas navegacións respetivas. Por certo que cita os feitos de galegos ilustres que coma Sebastián do Campo e Xan de Novoa, seguiron cos hespánicos as rutas de Océano, ou ben as do Oriente cos portugueses.

Temos recibido tamén outras publicacións da *Unión Ibero-Americana*, como son conferencias dos Sres. Blanco Sánchez, Barcia, Altamira, Dominici, Pleguezuelo, e o número da Festa da Raza da revista *Unión Ibero Americana*, número ben cheo de reseñas e traballos.

REVISTA DE CASA
AMÉRICA-GALICIA
Cruña, Nov. 1922

Colaboran: Jacobo Casal, R. del Cueto, Correa-Calderón, Luis Núñez de Cepeda, Alfonso Mosquera, Antonio de Ignacios, Julio J. Casal, Montiel Ballesteros, Francisco Miguel, Alfonso Maseras, Julio R. Yordi.

Deseños de Barradas, Núñez Carnicer e Francisco Miguel.

Tono *ultra*, un pouco indeciso. Un estudo das paisaxes d' Abelenda. Revista de libros americanos.

REVISTA DE GUIMARAES
Julho-Setembro, 1922

De cote chea de sabencia e d'erudición. Damol-o sumario: I *Cartas de Martins Sarmento ao Profesor Pereira Caldas*.—II *Arquivo da Colegiada de Guimaraes*, por João Lopes de Faria.—III *Escassa respiga lexicográfica. Provincialismos Minhotos*, por Alberto V. Braga.—IV *S. Gualter de Guimaraes*, pol-o Padre Aloisio Tomás Gonçalves.—V *O nosso concurso. Memorias da professora D.ª Luisa G. da Fonseca Miranda*.—VI *Recolhimento do Arcanjo S. Miguel. As Beatas do Chapen*, por Eduardo d' Almeida.—VII *A propósito de Leandro Braga*, por D. José Pessanha.—VIII *Francisco dos Santos Guimaraes*, pol-o P. Gaspar Roriz.—IX *Boletim*, por José de Pena.—X *Registo bibliográfico*, por Eduardo d' Almeida.

NOS

HORIZONTE
N.º 2, Madrid, Nov. 1922

Traducimos de P. Marján: «Asina, os pintores que con meirande fé sacrificaban a sua sensibilidade á arquitectura d'un ideal da beleza futura, vanse hoxe a ese sanatorio dos modernismos que é o Museo, ou volven á pintura desconxestionada de todo esforzo intelectual, ó realismo imitador... Mais da poeira das doutrinas cubistas, recollido porcamente polos metecos balkánicos e polos d'outros suburbios do Océano, ergueuse un vertiginoso tío vivo d'ismos que nos andan mareando coas suas metafisicas de brocha gorda...»

Iste número de *Horizonte* trai un deseño de Barradas e un linóleon de Norah Borges.

PORTO ACADÉMICO
núms. 3 e 4

O núm. 3 e en homenaxe ós insínes aviadores portugueses Sacadura Cabral e Gago Coutinho, con orixinaes dos profesores L. Coimbra, A. de Lacerda, Lopes Martins, Luiz Woodhouse e Mendes Correia e dos estudantes Santos Nobre e Martins Ferreira. E outros orixinaes. Fala d'un probabel viaxe do Orfeón académico á Galiza e a Barcelona.

O núm. 4 adiea unha lembranza ó ilustre profesor Antonio Joaquim Ferreira da Silva, de quen trai o retrato; publica orixinaes díños de nota de M. de Macedo, Santos Nobre e Alma Rubens.

CONVOCATORIA

Facendo uso das facultades que me están conferidas nos Estatutos da Sociedá NÓS convoco ós Conselleiros e socios da mesma pr'a xuntanza que terá lugar no domicilio social (Padre Feijóo, 12, Ourense) ás once da mañá do dia 30 d' iste mes, pra aprobal-o balance anual da Sociedade.

O DIREUTOR-XERENTE,
Arturo Nogueroa

NOS

A V I S O

*Os anunciantes de NÓS terán direito
a un anuncio gratis no boletín RE-
XURDIMENTO, órgao da I. N. G. que
s'espalla ás presas e gratuitamente
por todal-as sociedás e lugares pú-
blicos de Galiza e ond' haxa colo-
nias galegas.*

AGRICULTORES

ESTERCADE CON

NITRATO DE CHILE

AXENCIA REXIONAL EN VIGO:

Ernesto Cádiz Vargas

AVENIDA MONTERO RÍOS, 14

DELEGACIÓN EN MADRID:

Juan Gavilán

ALMIRANTE, 19

NOS

XASTRERÍA

FREIRE & HUICI & C.^A

S. en C.

Real, 7 e 9, 1.^o -- A CRUÑA

MANUEL PEÑA REY

ESPECIALISTA EN PARTOS E DOENZAS PROPEAS DA MULLER

Deixou de pertencer dend'o mes de Xunio ó Sanatorio Quirúrxico d'Ourense e continúa na sua clínica na **calle de Luis Espada 23 - 22.** onde recibe a consulta e fai esporas e os

RAYOS X

APARATOS
Y DISCOS



RELOXERÍA

Miguel Calviño
OURENSE

BANCO DE VIGO

FUNDADO EN 1900


CASA CENTRAL VIGO.—Sucursales e axencias en OURENSE, PONTEVEDRA, SANTIAGO, VILLAGARCÍA, MONFORTE NOVA, BRCA DE VALDEORRAS, CABALLIÑO, CELANOVA, GRANRIO, LA ESTRADA, MARÍN, RIBADOURA, VERIN

Tén Axentes e Correspondentes no Reino yo Estranxeiro, especialmente nas Amérecas
Realiza toda cras d'operacións de Banca e Bolsa en xeneral. Ademite contas correntes e depósitos polos que abona os intereses siguientes:

CONTAS CORRENTES á vista.	2	%
DEPÓSITOS a 1 mes prazo.	2 1/2	%
* a 3 *	3	%
* a 6 *	3 1/2	%
* a 12 *	4	%
En CAIXA DE AFORROS delas 10.000 ptas.	3 1/2	%

AUGAS MINERO-MEDICINĀS, BICARBONATO-SÓDICAS

MONDARIZ



F. Román e Saco

1000

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

SOBRINOS DE JOSÉ PASTOR

BANQUEIROS

A CORUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE

REALIZAN TODA CRAS D'OPERACIOS DE BANCA E CAMBIO

ARNOYA FINO

sinifica o máxum da "delicadeza,, entr' os viños do Riveiro:
sabe bén, entona o corpo, da a cara y-está presentado con esmero.

Bodegas da Viuda e fillos de Xoan Fuentes

OURENSE